

CONTRA A CARESTÍA DA VIDA

SALARIOS DIGNOS

O pasado 19 de Febreiro a CIG convocou a preto de 2000 representantes sindicais en Compostela, para manifestarnos nas rúas desta cidade contra a carestía da vida e na demanda de salarios dignos. Esta mesma reclamación volveremos a repetila nos actos e manifestación que celebraremos con motivo do día 10 de marzo.

Cando as demais organizacións sindicais e partidos políticos gardan un silencio intencionado, e nalgúns casos cómplices do deterioro progresivo nas rendas da clase traballadora; en Galiza a CIG, como sindicalismo de clase e galego, non pode pasar por alto unha situación que empobrece os nosos salarios. Unicamente a CIG estase a mobilizar e a responder na negociación dos Convenios, de tal xeito, que os incrementos medios do ano pasado en Galiza foron do 5,01, mentres os Convenios de ámbito Estatal aplicados en Galiza e asinados por CCO e UGT quedaron no 4.16, por debaixo do IPC real que acadou o 4.2%.

As demandas dos operarios da Bazan en marzo do 1972, como logo en Setembro do mesmo ano reclamaron os traballadores e traballadoras do Automóbil e do Naval en Vigo, pretendía algo tan propio e indiscutido hoxe, como o dereito a negociar os Convenios aquí, e non en Madrid. Coa participación e a opinión da clase traballadora. Querían rematar co centralismo e o sindicalismo vertical que non lles permitía decidir sobre as súas condicións de traballo e sobre os seus salarios.

Hoxe os Acordos que asinan repetidamente cada ano os sindicatos UGT e CCOO cos Empresarios en Madrid, traiciona as loitas do ano 72 e parécese en todas as súas formas e maneiras a aquel sindicalismo vertical excluente que non tolera a opinión da clase traballadora.

Estes Pactos de moderación salarial para incrementar os Convenios o 2%, son a causa real da perda de capacidade adquisitiva dos salarios.

No Sindicalismo Galego sabemos que podemos cambiar as cousas, podemos acadar salarios e condicións de traballo dignas. As loitas recentes no Metal e no Naval de Pontevedra, no que se obrigou a Patronal a facer mais de 2.000 contratos fixos ou na Construción para mellorar o Convenio que asinaron en Madrid, sen esquecer tantas outras loitas como as de Cespa, a ITV, a limpeza de Compostela e moitas outras que acadaron melloras importantísimas. Tamén as que enfrontan polo mantemento do emprego, como na actualidade os traballadores de Serrabal e Ferroatlántica. Estas son todas elas loitas con dignidade que crean o noso Marco galego de Relacións laborais, e que nos mostran a necesidade da soberanía política para Galiza. O dereito a decidir correspóndenos a nos. Por unha Galiza sen explotación.



10 de Marzo, día da Clase Obreira Galega

MANIFESTACION O DIA 10 EN FERROL, AS 19,30 DENDE OS LOCAIS DA CIG